

PELENGRINOS ó BELEN DE BEGONTE

Por Froilán do Grilo

I

Debullando cantares
os vieiros de Galicia
acuden a Begonte
choutando de ledicia.

Os ventos do Cordal
e os da Cova da Serpe
repican muiñeiras
e alboradas de neve.

E o Parga despreguizase
pra rezarlle unhos salmos
ó meniño Xesús
nunhas pallas deitado.

II

Pra aledar ó filliño de Dios
os Querubes baixaron do ceo;
as folerpas debalan mainiñas
e rebulda na cova un luceiro.

Pelengrinos da Terra Chairega
- vellos, mozos, os ricos e os probes -
teñen presa por ver ó Ruliño
que nacéu no Belén de Begonte.

Os castiros, salgueiros e choplos
arrecenden a incenso e os prados,
sabedores do grande milagre,
estrenaron un traxe de orballo.

III

Aterecidos de frío,
arelante o corazón,
nesta noite de Esperanza
acolle a nosa oración.

Debruzados ó teu pé
pedímosche que benzões

esta coitada Galicia
enloitada, triste e probe.

Que remate a emigración
e as liortas caciquíllas
e que, todos vencellados,
fagamos un gran País !

*Pra o aniversario
meu cordal de
Begonte
Xaneiro 1982*